

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 13 de novembro de 2007
pola que se establece unha base de datos
de formadores.*

A adecuada cualificación dos empregados públicos é a base para ofrecer servizos de calidade ao cidadán. A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) ten a obriga de xestionar plans formativos na busca do perfeccionamento e a excelencia. Para acometer con éxito as súas actividades formativas debe recrutar os mellores expertos do ámbito da Administración. A EGAP debe seleccionar os formadores con criterios de calidade e transparencia; pola súa parte, os formadores deben someterse aos programas de reciclaxe, innovación e avaliación que determine a escola para manter a máxima calidade das accións formativas.

A EGAP, no desenvolvemento das funcións que ten atribuídas, considera necesario dispor dunha base de datos de formadores integrada por expertos en temas de interese para a Administración pública co obxecto de atender as necesidades formativas que se requiran para os empregados públicos. Mediante esta base de datos xestionarase a información dispoñible sobre os colaboradores nas actividades formativas. A base estará suxeita a unha regulación e seguirá uns procedementos acordados coas necesidades actuais da escola; así mesmo, manterá a información relativa aos profesores, tutores e coordinadores, tanto os datos achegados por estes como os resultados das avaliacións das actividades en que participen.

En consecuencia, esta dirección, no uso das súas atribucións legalmente conferidas, resolveu o seguinte:

Primeiro.-Creación dunha base de datos de formadores.

1. Institúese na EGAP unha base de datos de colaboradores para as áreas de formación e materias de interese da Administración pública de acordo cos criterios recollidos nesta resolución.

2. A base de datos de formadores implantarase en soporte informático e conterá os datos curriculares, as actividades formativas en que participen os inscritos, así como os resultados das avaliacións.

3. A solicitude de inscrición na base de datos implicará a autorización para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

Segundo.-Clasificación.

1. Formadores: son profesionais expertos ou empregados públicos que compatibilizan as súas tarefas normais nas unidades a que están adscritos coa docencia en cursos para empregados públicos -de acordo co disposto no artigo 19 b) da Lei 53/1984, de incompatibilidades e no artigo 29 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia- e que posúen titula-

ción, experiencia e méritos profesionais de interese para a formación.

2. Clasificación funcional dos formadores. As inscricións que se efectúen na base de datos poderán integrarse nas seguintes categorías:

a) Profesores: son profesionais expertos ou empregados públicos que se ocupan das actividades formativas presenciais. Desempeñarán as seguintes funcións:

-Propor, deseñar e redeseñar programas formativos.

-Explicar directamente os contidos da materia ou especialidade asignada.

-Preparar e elaborar os materiais didácticos que, se é o caso, requira cada curso e que serán postos a disposición da EGAP.

-Elaborar e corrixir os casos e traballos prácticos ou exames.

-En colaboración coa EGAP ou co coordinador correspondente realizar as tarefas académicas e administrativas precisas para o desenvolvemento do curso; entre elas, a de colaborar co seguimento da asistencia.

-Atender, seguir e avaliar os alumnos durante o desenvolvemento da materia ou da actividade impartida.

-Informar das incidencias ou melloras nas actividades formativas.

b) Tutores: son profesionais expertos ou empregados públicos que desempeñan a tarefa tutorial nas actividades de formación a distancia ou teleformación. Desempeñarán as seguintes funcións:

-Encargarse das sesións presenciais dos cursos, cando estes o requiran.

-Xestionar os aspectos relacionados coa disposición da aula, o apoio, a motivación e o control dos participantes.

-Elaborar bibliografía complementaria.

-Actualizar e elaborar as unidades didácticas.

-Atender as consultas.

-Propor e elaborar casos e traballos prácticos.

-Revisar e corrixir os exercicios.

-Avaliar e controlar a aprendizaxe dos participantes mediante o seguimento dos exercicios, exames e probas que se establezan en cada actividade.

-Informar das incidencias e melloras das actividades docentes.

c) Coordinadores e directores das accións formativas: son profesionais expertos ou empregados públicos que, baixo a supervisión da EGAP, participan nas tarefas de deseño, programación, dirección e control

dos distintos aspectos das actividades formativas. Desempeñarán as seguintes funcións:

-Elaborar e propoñer o programa e o contido de cada actividade.

-Participar, baixo a supervisión da EGAP, no deseño das actividades formativas programadas.

-Elaborar, baixo a dirección da EGAP, o cadro de profesores que impartirán as materias do curso e coordinalos.

-Propoñer, elaborar e, se é o caso, controlar os materiais e elementos didácticos empregados, así como supervisar o curso.

-Aplicar e controlar os procedementos de avaliación que se establezan en cada caso.

-Cumprir os protocolos e os procedementos formativos que determine a EGAP.

-Cooperar na asistencia e no apoio aos alumnos.

-Presentar unha memoria final que resuma os aspectos relevantes do curso ou da actividade.

-Se é o caso, impartir horas lectivas no curso.

-Representar a EGAP, cando esta llo encomende, nos aspectos académicos e administrativos do curso.

Terceiro.-Clasificación das áreas formativas.

Cada un dos formadores inscribírase, segundo os seus coñecementos e especialización, nunha ou varias áreas formativas das relacionadas, a título indicativo, no anexo desta resolución. Poderanse incluír na solicitude outras materias non citadas no dito anexo que puidesen ser relevantes para a formación dos empregados públicos. A EGAP poderá modificar en calquera momento o catálogo das áreas formativas de acordo coa planificación, co diagnóstico das necesidades formativas ou coas demandas reais de formación específica dos empregados públicos. Este inventario estará actualizado na súa páxina web.

Cuarto.-Candidatos.

Poderán inscribirse como formadores aquelas persoas que posúan unha titulación, experiencia, competencia pedagóxica e uns méritos profesionais relacionados cos temas de interese para a Administración pública e que acrediten que son expertos nestes eidos.

1. Para tal fin deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Titulación: en xeral, será exixible a posesión de titulación universitaria superior. Non obstante, no caso das materias cuxo contido sexa eminentemente práctico ou específico, os candidatos poderán ser dispensados de tal condición sempre que posúan outros títulos oficiais ou unha experiencia recoñecida que acredite de maneira fidedigna un alto grao de cualificación nas materias das cales aspiran a ser profesores.

b) Experiencia profesional: exixírase posuír experiencia docente ou laboral directamente relacionada coa materia que se vai impartir de cando menos dous anos.

Quinto.-Procedemento xeral de inscrición de formadores.

1. Para inscribirse na base de datos, os candidatos cubrirán necesariamente os formularios de solicitude dispoñibles na páxina web da EGAP: <<http://www.egap.xunta.es>>.

No caso de que os interesados necesiten presentar documentación complementaria que acredite circunstancias específicas poderán remitirle á EGAP unha copia do formulario e a devandita documentación ao enderezo electrónico formadores.egap@xunta.es, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A EGAP poderá requiririlles aos candidatos a documentación que acredite calquera mérito alegado na solicitude ou, se é o caso, completar os méritos coas entrevistas, as probas ou os informes de avaliación que estime oportunos.

3. A EGAP rexeitará aqueles solicitantes que non reúnan os méritos suficientes mediante resolución motivada do director da escola.

4. A listaxe dos candidatos inscritos será publicada, como mínimo, no taboleiro de anuncios da páxina web da EGAP, de acordo co disposto no artigo 59.6º b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Poderase solicitar a inclusión nesta base de datos a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Sexto.-Efectos da inscrición.

1. As persoas inscritas nesta base de datos poderán ser seleccionadas como formadores para a execución dos plans formativos da EGAP.

2. A inclusión neste rexistro non outorga dereito directo ao nomeamento como docente.

3. Unha vez inscritos deberán someterse aos programas de formación de formadores, procedementos e protocolos de actuación que se establezan na EGAP.

4. Os formadores serán remunerados de acordo coas instrucións de retribución que a EGAP estableza.

Sétimo.-Inscricións de oficio.

1. Cando sexa conveniente para o mellor desenvolvemento dos cursos e logo do informe dos servizos técnicos da escola poderán ser inscritos de oficio, tras autorización dos interesados para tratar os seus datos de forma automatizada, aqueles formadores que teñan méritos de recoñecido prestixio, así como os profesores que colaborasen con anterioridade nas actividades formativas xestionadas pola EGAP.

2. Así mesmo serán inscritos de oficio os coordinadores designados polas consellerías para xestionar a formación continua.

Oitavo.-Modificacións na base de datos.

1. Os formadores poderán solicitar a actualización dos datos e méritos achegados por eles na mesma forma e condicións que as mencionadas no punto quinto.

2. A EGAP engadirá de oficio as modificacións das solicitudes, se é o caso, así como os resultados das distintas avaliacións obtidas nas actividades formativas en que participen os inscritos.

Noveno.-Baixa na base de datos.

Os formadores causarán baixa na base de datos por algunha das seguintes causas:

a) Por renuncia expresa.

b) A teor dos resultados das avaliacións das actividades docentes en que participen, e tras os informes negativos motivados segundo os protocolos, procedementos de avaliación e seguimento que determine a EGAP.

c) Por non cumprir os programas de formación de formadores a que sexan convocados.

d) Por falsidade dos datos achegados para a súa inscrición.

e) Pola perda dalgún dos requisitos necesarios para a inscrición.

Décimo.-Avaliación.

Os profesores serán avaliados polos alumnos asistentes ás actividades formativas mediante cuestionarios anónimos e a través dos procedementos complementarios de seguimento que estableza a EGAP.

Décimo primeiro.-Creación do ficheiro.

1. O ficheiro créase coa finalidade de dispor dunha base de datos de profesores, titores e entidades que estean dispostas a colaborar coa EGAP nas tarefas formativas.

2. As persoas ou colectivos de que se pretende obter datos de carácter persoal son os mencionados no punto cuarto desta resolución.

3. O procedemento de recollida de datos será o establecido nos puntos quinto, sétimo e oitavo desta resolución.

4. A estrutura básica do ficheiro e os datos de carácter persoal incluídos nel serán os contidos na solicitude, a valoración desta pola EGAP e os resultados das avaliacións obtidas nas actividades formativas en que participen os inscritos.

5. Os datos poderán ser cedidos ás consellerías, aos organismos autónomos e ás súas delegacións ou direccións provinciais para a organización das súas actividades formativas.

6. O órgano responsable do ficheiro será a Escola Galega de Administración Pública.

7. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercitar ante a dirección da Escola Galega de Administración Pública.

8. As medidas de seguridade do ficheiro serán de nivel básico.

Décimo segundo.-Publicidade.

A EGAP poderá dar información na súa páxina web e nas súas publicacións sobre os formadores inscritos na base de datos que participen en actividades formativas e tamén sobre os resultados das súas avaliacións.

Así mesmo, a EGAP poderá facilitar información contida na base de datos a organismos da Xunta de Galicia para a planificación de actuacións formativas.

Disposicións transitorias

Primeira.-Para o exercicio 2007, a selección dos formadores que sexan empregados públicos seguirá rexéndose polo sistema anterior.

Segunda.-Os empregados públicos da Xunta de Galicia que desexen impartir as accións formativas dos plans de formación continua na EGAP a partir do ano 2008 deberán estar inscritos na base de datos antes do comezo das actividades formativas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral da EGAP para ditar cantas instrucións sexan precisas para o cumprimento e a efectividade desta resolución.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2007.

Antonio Izquierdo Escribano
Director da Escola Galega de Administración
Pública

ANEXO

Áreas formativas

Actualizaranse de acordo co disposto na cláusula terceira.

Clasificación das materias sobre as que se necesita formación

Áreas de coñecemento	Áreas temáticas
Organización e xerencia pública	Dirección e xestión pública Políticas públicas Organización Control de xestión
Economía e finanzas	Economía, contabilidade, fiscalidade, elaboración de orzamentos, control, fiscalización, habilitación
Recursos humanos	Función pública (perspectiva xurídica) Relacións humanas Función de persoal
Recursos e materiais tecnolóxicos	Recursos materiais Loxística e distribución
Proceso de traballo	Informática e ofimática Estatística e técnicas de investigación Comunicación Organización do traballo
Normativa e organización autonómica	Normativa e procedemento administrativo Organización do Estado, das CC.AA. e da UE, local
Específicas do sector competencial	Coñecemento técnico sectorial Normativa sectorial
Idiomas	Idiomas

Áreas de coñecemento	Áreas temáticas
Medio	Conxuntura intersectorial Sociedade Economía Tecnoloxía Política/institucións
Coñecementos transversais	Desenvolvemento sostible Tecnoloxías da información e a comunicación Calidade Atención ao cidadán Xénero e igualdade Riscos laborais I+D
Outros	Cultura xeral Acreditación de competencias Redes

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 20 de novembro de 2007, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso na categoría 007, do grupo II de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (titulado/a de grao medio), polas quendas de acceso libre e de promoción interna e cambio de categoría, nomeado pola Orde do 26 de abril de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 85, do 3 de maio).

En sesión que tivo lugar o día 20 de novembro de 2007, o tribunal II-C designado pola Orde do 26 de abril de 2007 (DOG nº 85, do 3 de maio), modificado pola Orde do 10 de maio de 2007 (DOG nº 96, do 21 de maio) e pola Orde do 1 de xuño de 2007 (DOG nº 109, do 7 de xuño), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso na categoría 007, do grupo II de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (titulados/as de grao medio), polas quendas de acceso libre e de promoción interna e cambio de categoría, convocado polas ordes do 24 de xullo de 2006 (DOG nº 155, do 11 de agosto), e de conformidade co disposto nas bases II.3.7 das respectivas convocatorias

ACORDOU:

Primeiro.-Publicar as puntuacións do terceiro exercicio da fase de oposición no taboleiro de anuncios do recinto da Feira Internacional de Silleda, no Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es). As ditas puntuacións figuran como anexo a esta resolución. Segundo establece a base II.2.1.c) da orde de convocatoria, as respostas deste exercicio cualificaranse de 0 a 20 puntos e é preciso para superalo obter como mínimo 10 puntos.

De conformidade coa base II.2.2 da convocatoria, os aspirantes disporán dun prazo de dez días para formularen alegacións.

Segundo-De acordo co establecido na base II.3.7 das ordes de convocatoria, contra o acordo anterior-

mente mencionado poderá interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.-De conformidade co disposto nas bases II.2.1.d) e II.3 da Orde do 24 de xullo de 2006 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso á categoría 007 (titulado medio) correspondente ao grupo II de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, cómpre declarar que todos os aspirantes que superaron o terceiro exercicio da fase de oposición do citado proceso selectivo pola quenda de acceso libre están exentos da realización do cuarto exercicio, o cal é o de superación de dúas probas de lingua galega, por teren acreditado estar en posesión do curso de perfeccionamento de galego. Todo iso de conformidade coa comunicación formulada pola Dirección Xeral da Función Pública, do 30 de outubro de 2007, por petición deste tribunal.

Cuarto.-Finalmente, cómpre comunicarlles aos aspirantes que superaron a fase de oposición que, de acordo coa base II.1.6 da orde de convocatoria, desde a data da publicación no *Diario Oficial de Galicia* do anuncio de notas do terceiro exercicio da fase de oposición os aspirantes disporán dun prazo de vinte (20) días naturais para presentaren a documentación relativa á fase de concurso, que deberá ir dirixida á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral da Función Pública, tribunal II-C; edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15705, Santiago de Compostela (A Coruña), segundo os modelos que figuran nos anexos da citada orde.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2007.

Yolanda Calaza Parajas
Presidenta do tribunal

ANEXO

Puntuación do terceiro exercicio do proceso selectivo para o acceso á categoría 007 (titulado de grao medio) do grupo II do persoal laboral da Xunta de Galicia pola quenda de acceso libre.

DNI	APELIDOS E NOME	RESULTADO
32797503-D	ÁLVAREZ DE MON REGO, MANUEL MELCHOR	8,5
36085625-M	ÁLVAREZ VALENCIA, ANA MARÍA	12,8
44813975-Q	ARIAS TARRIO, SILVIA	11,4
46910632-Q	BLANCO PÉREZ-ARDA, ANA	9
34954614-L	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, BEATRIZ	11
46128825-W	FRAGA CAMPO, JAVIER	6,124
77594137-A	LARREA ANLLO, ANA ENCARNACIÓN	13,9
34888798-Y	LIÑARES CASTRO, MARÍA ASUNCIÓN	10,5
33336616-W	LÓPEZ LOSADA, MARÍA CELESTE	16,6
44076552-L	LÓPEZ PÉREZ, SERGIO	7,125
32826872-F	LÓPEZ SÁNCHEZ, NIEVES	16
33320463-H	LÓPEZ VÁZQUEZ, MARÍA CRISTINA	6,75
44819838	NEO MARTÍNEZ, ROSA	10
32770576-S	OTEIRO CARRERA, GUILLERMO	15,333
36147219-M	PÉREZ MEDINA, MÓNICA	14,624
32663729-A	PIÑEIRO SEJIDO, MARÍA DEL CARMEN	2,1
35323832-H	RIAL NIETO, MARÍA OLIVIA	12,7
32785830-C	TORRE SANTOS, SUSANA DE LA	12,9
32770232-Q	TOUZA FIGUEIRAS, SUSANA	11,749
32832066-A	TRASAR POSE, SILVIA	6,2
44810760-K	VÁZQUEZ MÉNDEZ, JOSÉ	12,6